



PROXECTO EDUCATIVO CEIP TORRE ILLA

MAIO DE 2024

REVISIÓN Nº :
DATA:

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 14/05/2024

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 26/06/2024

DATA 1ª REVISIÓN:

DATA 2ª REVISIÓN:

TÁBOA DE CONTIDO

1. ANÁLISE DO CONTEXTO	3
1.2. SITUACIÓN XEOGRÁFICA, SOCIOECONÓMICA E CULTURAL DA CONTORNA	3
1.2. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO	5
2. PRINCIPIOS, VALORES E SINAIS DE IDENTIDADE	6
3. O CENTRO	7
3.1. INSTALACIÓNS	8
3.2. HORARIOS XERAIS DO CENTRO	10
3.3. OFERTA EDUCATIVA, ÁREA DE INFLUENCIA E CENTROS ADSCRITOS	11
3.4. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS	12
3.5. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES	13
4. OBXECTIVOS	14
5. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA	15
5.1. ÓGANOS DE GOBERNO UNIPERSOAIS	15
5.2. ÓRGANOS COLEXIADOS	15
5.3. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE	15
A. CCP	15
B. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	15
C. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA	15
D. EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	15
E. EQUIPO DE BIBLIOTECA	15
F. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DAS TIC	15
G. EQUIPO DE SECCIÓNS BILINGÜES	
H. EQUIPO ACAE (ACTUACIÓN CONTRA O ACOSO ESCOLAR)	
I. EQUIPO DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	
J. EQUIPO IMPULSOR DO PEM (PLAN ESTRATÉXICO DE MELLORA DO CENTRO)	
5.4. EQUIPO DE CICLO	16
6. DOCUMENTOS QUE FORMAN PARTE DO PROXECTO EDUCATIVO	17
7. REVISIÓN, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA	19

1. ANÁLISE DO CONTEXTO

1.1. SITUACIÓN XEOGRÁFICA, SOCIOECONÓMICA E CULTURAL DA CONTORNA

O CEIP Torre Illa está situado na localidade insular da Illa de Arousa, situada na Ría de Arousa, nas Rías Baixas, na comarca do Salnés. Ten aproximadamente 5000 habitantes. O illamento caracterizou a vida social ata que en 1982 se construíu a ponte que une a vila coa península (dous quilómetros), o que provocou o desenvolvemento de certas singularidades, con tradicións e costumes propios, que aínda hoxe se manteñen, moitas delas están ligados ao mar, que sempre foi o principal medio económico para a maioría das familias da illa, principalmente a pesca, o cultivo de mexillón en batea e o marisqueo.



A Illa conta con catro portos, o Porto do Xufre, o Porto da Ribeira do Chazo, o Porto do Cabodeiro e o Porto do Naval, todos eles destinados a actividades relacionadas co mar: principalmente a carga e descarga de mexillón, ameixa, peixe,...

O outro sector destacado e en auxe nos últimos anos é o de servizos, sobre todo debido o inmenso potencial turístico co que conta a Illa. Destacan paraxes de gran beleza como o entorno do Faro Punta Cabalo, o mirador Con do Forno, o arquipélago Xiadoiro-Areoso ou o conxunto do Parque Natural de O Carreirón.

Para poder facerse unha idea máis detallada do peso de cada sector na economía da Illa, resulta interesante ver os datos do IGE (Instituto Galego de Estadística) a este respecto:

- O 52,5% da poboación activa traballadora adícase a agricultura e a pesca
- O 33,91% ó sector servizos
- O 9,35% á industria
- O 3,90% á construción

1.2. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

A maioría do alumnado reside na propia localidade. O centro reúne a todo o alumnado da etapa de Educación Primaria na Illa de Arousa por ser o único colexio da localidade que ofrece esta ensinanza. No caso de Educación Infantil, ao existir máis oferta educativa, o alumnado é menor.

Existe unha proporción bastante equilibrada entre nenos e nenas, que manteñen como lingua materna o galego, lingua falada diariamente nas súas casas, aínda que esta situación está a mudar apreciándose unha porcentaxe maior de alumnado castelán falante nos últimos anos.

O alumnado conta, en xeral, con condicións axeitadas para o estudo na casa e conta co respaldo das súas familias. Aínda así, existe unha parte do alumnado que pode atoparse en situación de vulnerabilidade, polo que é preciso contar coas medidas axeitadas para garantir a equidade e a igualdade no dereito á educación de todo o alumnado.

2. PRINCIPIOS, VALORES E SINAIS DE IDENTIDADE

O centro mantén un estilo pedagóxico propio, que aposta por unha maior **personalización da aprendizaxe**, permitindo adecuar a resposta educativa á individualidade de cada nena ou neno en función das súas características, necesidades, ritmos e circunstancias persoais. Un **estilo pedagóxico principalmente activo**, e que permite a **confluencia de diferentes modelos de aprendizaxe**, apostando principalmente pola experimentación, a investigación, a observación e a manipulación, e situando ao alumnado como protagonista do proceso de ensino e aprendizaxe.

Neste senso, é característica a **adaptación constante das situacións de aprendizaxe á realidade do alumnado e da contorna**, o que lle permite un maior coñecemento e conexión coa realidade que rodea ao alumnado, e unha maior aprendizaxe significativa. Neste sentido, a relación co medio natural, coa tradición mariñeira, e coa realidade social e cultural da Illa de Arousa son de vital importancia.

2.1. PRINCIPIOS DE IDENTIDADE

- A equidade, a non discriminación, a colaboración e a liberdade de ensinanza.
- A coeducación, e a promoción de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- A promoción da convivencia, a coordinación, a participación e o traballo en equipo, así como da formación e innovación do profesorado en estratexias de atención á diversidade e na mellora continua da calidade educativa e do éxito escolar do alumnado.
- A promoción de oportunidades de educación que poñan en valor a diversidade natural, lingüística e socioeconómica de A Illa de Arousa, impulsando actuacións dirixidas a promover a sustentabilidade social, medioambiental e económica acordes coa Axenda 2030.

- O benestar persoal e emocional, impulsando accións que contribúan a un desenvolvemento integral saudable.
- A igualdade de trato e non discriminación por razóns de nacementos, orixe racial ou étnico, idade, discapacidade, orientación ou identidade sexual, enfermidades ou calquera outra circunstancia.

2.2.VALORES

Os valores que guían a labor educativa son:

- A atención á diversidade e a personalización da educación: Adecuando a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.
- A inclusión: Construindo unha escola para todo o alumnado, sen discriminacións e sitando as diferenzas interpersoais como un elemento enriquecedor, proporcionando un entorno de protección e de benestar a todo o alumnado do centro, idóneo para poder desenvolver a máxima potencialidade.
- A coordinación e colaboración: Con toda a comunidade educativa e entre o alumnado para acadar o máximo desenvolvemento persoal do alumnado e a mellora constante do centro.
- A participación: Fomentando a implicación dos diferentes sectores da comunidade educativa nos diferentes órganos de goberno e coordinación.
- A innovación educativa: Integrando o enfoque STEAM e o aprendizaxe por proxectos a través dos diferentes plans de innovación educativa que ten o centro e a realización dun Proxecto Documental integrado que potencie a alfabetización informacional.
- A avaliación: Como un medio de análise e reflexión constante para a mellora continua.

- A relación co contorno e coas institucións: Incorporando situacións de educación formal e non formal nas que se busque a implicación e a colaboración de medios e axentes locais e institucionais que permitan poñer en relación ao alumnado co medio natural e social da localidade.
- A recuperación: Procurando oportunidades para o fomento na responsabilidade individual e no mérito do esforzo persoal.

2.3. SINAIS DE IDENTIDADE

As principais finalidades que presiden a nosa acción educativa son:

- Ofrecer unha **formación personalizada**, no sentido máis amplo da Atención á Diversidade, que posibilite o pleno desenvolvemento da personalidade e capacidades do alumnado dentro dun marco de tolerancia, igualdade, respecto, convivencia democrática e solidariedade.
- A promoción de **todas as capacidades do alumnado**, da súa creatividade e das súas iniciativas, no marco dunha gradual autonomía e implicación no proceso de ensino-aprendizaxe e duns hábitos de vida saudable.
- A **educación para a convivencia**, así como a prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos, no respecto aos dereitos humanos, á vida en común, á cohesión social, o respecto aos seres vivos e ao coidado do medio ambiente.
- A promoción da relación escola-familia, que propicie unha relación fluída e un traballo coordinado a prol do desenvolvemento dos obxectivos establecidos, así como a potenciación das relacións co resto de institucións da contorna, especialmente aquelas que poidan axudar ao centro a potenciar situacións educativas vinculadas coa contorna da Illa de Arousa..

3. O CENTRO

3.1. INSTALACIÓNS

As instalacións están constituídas por 4 construcións:

- Edificio Principal: Parte Antiga 1960, e Parte Nova 1998
- Pavillón de 5º: 1977
- Edificio de Educación Infantil: 1978
- Ximnasio: 1989



Cada unha das construcións teñen unhas dimensións de:

- Edificio Principal: 1615 m²
- Pavillón de 5º: 481,3 m²
- Edificio de Ed. Infantil: 194,6
- Ximnasio: 1476,6 m²
- En total 3768 m² construídos e patios de xogos

3.2. HORARIOS XERAIS DO CENTRO

As instalacións do CEIP TORRE ILLA atópanse abertas de luns a venres entre as 9:00 h e as 14:30 h e entre as 16:00 h e as 18:15 h para as actividades extraescolares, de luns a xoves. Os martes pola tarde, en horario de permanencia para o profesorado de 16:00 a 19:00 horas e os seus usuarios poden ser:

CLASIFICACIÓN DE USUARIOS	DESCRICIÓN USUARIOS	Nº DE USUARIOS	HORARIOS
PERSONAL DE PLANTILLA	Profesores	24	De luns a venres de 9:00 h ata 14:15 h Tardes de outubro a xuño: Martes de 16:00 h ata 19:00 h Luns, Mercores, Xoves e Venres de 16:00 h a 18:15 h (1 profesor)
	Auxiliar de conversa	1	De outubro a mayo de 9:00 a 14:15 (catro días á semana alternando M M J V – L M M J)
	Auxiliares cuidadoras	1	De luns a venres de 9:00 h ata 14:15 h
PERSONAL DE EMPRESAS EXTERNAS	Conserxe (Concello)	1	Luns, Mercores, Xoves e Venres de 8:30 h ata 15:30 h Martes 8:30 h - 14:30 h e 16:00 h - 19:00 h
	Limpeza	3	Luns, Mercores, Xoves e Venres de 16:00 h a 19:00 h Martes de 19:00 h a 22:00 h
	Colaboradores (Monitores)	5	De luns a venres de 16:00 h ata 19:00 h
ALUMNOS	Alumnado de 3 ata 12 anos	240	Clases: de luns a venres de 9:15 h ata 14:15 h Actividades extraescolares: De luns a venres de 16:00 h ata 18:15 h
VISITANTES	Pais de alumnos	Variable	Variables á entrada/saída dos alumnos

3.3. OFERTA EDUCATIVA, ÁREA DE INFLUENCIA E CENTROS ADSCRITOS

O centro é o único colexio de primaria da localidade, e conta con 240 alumnos en 2 unidades de Educación Infantil e 11 unidades de Educación Primaria, 24 profesores, 1 coidador e persoal de servizos e administración. O equipo docente do centro é innovador e dinámico, participando en numerosos plans que a Consellería de Educación ofrecen en materia de innovación educativa, especialmente no ámbito da educación dixital e a formación tecnolóxica. Tamén desenvolve plans propios como Radio Carcamán, a radio escolar que leva máis de 25 anos emitindo programas creados por estudantes, inicialmente en FM e actualmente en streaming e a través de plataformas online. A horta escolar, a compostaxe, a participación en campañas de alimentación saudable como o Plan de consumo de froita fresca tamén son constantes no centro ao longo dos últimos anos. Destaca tamén a existencia dun Plan de Formación do Profesorado no propio centro que conta con máis do 90% de participación do profesorado, e que abre as súas actividades formativas a toda a comunidade educativa a través da Escola de Nais e Pais que se impulsa dende o equipo directivo. Os centros adscritos son o CPR Sonrisas y Lágrimas e o IES Illa de Arousa.




PLANS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA DO CENTRO

- E-Dixgal: Educación Dixital de Galicia.
- Erasmus+: Internacionalización do centro.
- E-Twining: intercambio de experiencias con centros europeos.
- Plan de Mellora das Bibliotecas Escolares de Galicia.
- Seccións Bilingües en todos os niveis de primaria do centro.
- Programas de éxito educativo: ARCO e PROA+.
- Plan Estratégico para Mellora dos resultados académicos.
- Plan Dixital de centro.
- Radio e TV escolar.
- Proxecta+: relacionado coa alimentación saudable e a creación de contidos audiovisuais.
- Polos Creativos: programa de innovación centrado na creatividade e a experimentación científica e tecnolóxica.



3.4.SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

O colexio conta con tres liñas de transporte escolar. A Liña 1, entre Bao e o colexio; A Liña 2, entre O Naval e o centro; E a Liña 3, entre o Campo de fútbol e o CEIP Torre Illa.



A ANPA xestiona os servizos de madrugadores, comedor escolar e servizo de “Agarda con nós” na saída da xornada lectiva e tamén as actividades extraescolares no horario de tarde.

3.5.ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

A oferta de actividades extraescolares concretarase na Programación Xeral Anual do centro. Durante os últimos cursos ofertáronse actividades de baloncesto, pintura, patinaxe, tenis, costura, robótica educativa, futbito, piragüismo e xadrez. As actividades desenvólvense de luns a xoves, entre as 16:00 e as 18:15 horas.

4. OBXECTIVOS

Obxectivo: Mellorar a convivencia do centro				
Acción 1	Desenvolver e revisar o Plan de Convivencia			
	Temporalización			
	1º Ano X	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input type="checkbox"/>	4º Ano <input type="checkbox"/>
Indicador	Medidas desenvoltas. Revisión do Plan de Convivencia			
Responsables	Equipo directivo			
Recursos materiais e	Plan de Convivencia. Claustro e Consello Escolar			
Acción 2	Implementar o Plan de Acción tutorial			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input type="checkbox"/>	4º Ano <input type="checkbox"/>
Indicador	Redución do número de conflitos			
Responsables	Equipo directivo e claustro			
Recursos materiais e	Plan de Acción tutorial. Programas de habilidades sociais			

Obxectivo: Mellorar os resultados académicos do alumnado				
Acción 1	Desenvolver o Plan de Mellora			
	Temporalización			
	1º Ano X	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano X	4º Ano X
Indicador	Alumnado implicado no equipo (>10)			
Responsables	Departamento de orientación-Equipo directivo			
Recursos materiais e	UACO, CCP, claustro e DO			
Acción 2	Implantar os patios dinámicos			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano X	4º Ano X
Indicador	Redución do número de conflitos nos recreos			
Responsables	Equipo directivo e profesorado de Educación Física.			
Recursos materiais e	PXA, xogos diversos e dinámicas de patio.			

Obxectivo: Integrar as tecnoloxías da comunicación e da información nos procesos de ensino e aprendizaxe.				
Acción 1	Implementar o Plan Dixital do centro			
	Temporalización			
	1º Ano x	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano x	4º Ano x
Indicador	Número de iniciativas do Plan Dixital desenvoltas (>3)			
Responsables	Claustro e Equipo de coordinación do Plan Dixital			
Recursos materiais				
Acción 2	Integrar os recursos dixitais do centro na práctica educativa			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano x	4º Ano x
Indicador	Grao de uso dos diferentes recursos no desenvolvemento curricular			
Responsables	Equipo directivo, equipo TIC e claustro			
Recursos materiais	E-Dixgal, Polos Creativos, IPads, Educa en Dixital, Pizarras Interactivas			

Obxectivo: Potenciar a innovación educativa				
Acción 1	Participación en programas da Consellería de Educación e programas propios			
	Temporalización			
	1º Ano x	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano x	4º Ano x
Indicador	Número de programas desenvoltos (>4)			
Responsables	Equipo directivo			
Recursos materiais	PLAMBE, Seccións Bilingües, Polos Creativos, Introducción á Robótica educativa, Radio e TV escolar, horto e compostaxe			
Acción 2	- Implantar o traballo colaborativo en rede para os diferentes responsables e coordinadores dos equipos docentes.			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano x	4º Ano x
Indicador	Redución do número de conflitos nos recreos			
Responsables	Equipo directivo e profesorado			
Recursos materiais	Abalar Pro, Agueiro e plataformas educativas			

Obxectivo: Fomentar dinámicas de igualdade e coeducación				
Acción 1	Revisión e implementación do Plan de Igualdade do centro			
	Temporalización			
	1º Ano x	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano x	4º Ano x
Indicador	Número de actuacións anuais desenvoltas (>5)			
Responsables	Departamento de orientación Equipo directivo			
Recursos materiais	Escola de Nais e Pais do centro. Actuacións transversais curriculares e complementarias.			
Acción 2	Colaborar coa comunidade educativa na implementación de actuacións			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input type="checkbox"/>	4º Ano <input type="checkbox"/>
Indicador	Número de actuacións anuais conxuntas desenvoltas (>2)			
Responsables	Equipo directivo e ANPA			
Recursos materiais	Escola de Nais e Pais do centro, ANPA Os Golfiños e claustro.			

Obxectivo: Mellorar a comunicación interna e externa do centro				
Acción 1	Implementación do Plan de comunicación			
	Temporalización			
	1º Ano x	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano x	4º Ano <input type="checkbox"/>
Indicador	Mellora cualitativa da comunicación coas familias			
Responsables	Departamento de orientación-Equipo directivo			
Recursos materiais	Plan de comunicación do centro. Abalar Móbil			
Acción 2	Aumentar a proxección do centro			
	Temporalización			
	1º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	2º Ano <input checked="" type="checkbox"/>	3º Ano <input type="checkbox"/>	4º Ano <input type="checkbox"/>
Indicador	Número de iniciativas desenvoltas			
Responsables	Equipo directivo			
Recursos materiais	Webs do centro, RRSS e proxectos nacionais e internacionais.			

5. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

5.1. ÓRGANOS DE GOBERNO UNIPERSOAIS

- A. DIRECCIÓN
- B. XEFATURA DE ESTUDOS
- C. SECRETARÍA

5.2. ÓRGANOS COLEXIADOS

- A. CLAUSTRO DO PROFESORADO DO CENTRO
- B. CONSELLO ESCOLAR

5.3. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

- A. CCP
- B. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
- C. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA
- D. EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES
- E. EQUIPO DE BIBLIOTECA
- F. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DO PLAN DIXITAL DO CENTRO E DAS TIC
- G. EQUIPO DE SECCIÓN BILINGÜES
- H. EQUIPO ACAE (ACTUACIÓN CONTRA O ACOSO ESCOLAR)
- I. EQUIPO DE FORMACIÓN DO PROFESORADO
- J. EQUIPO IMPULSOR DO PEM (PLAN ESTRATÉXICO DE MELLORA DO CENTRO)

5.4. EQUIPOS DE CICLO

- A. EQUIPO DO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL
- B. EQUIPO DO 1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA: 1º E 2º DE EP.
- C. EQUIPO DO 2º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA: 3º E 4º DE EP.
- D. EQUIPO DO 3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA: 5º E 6º DE EP.

6. DOCUMENTOS QUE FORMAN PARTE DO PROXECTO EDUCATIVO

PROXECTO EDUCATIVO	Responsables	Aprobación/Revisión
Proxecto educativo	Equipo directivo	Maio de 2024
Concreción curricular	CCP Claustro Departamentos	Xuño de 2023
Plan Xeneral de Atención á Diversidade	Dpto. Orientación	Xuño de 2024
Plan de orientación	Dpto. Orientación	Revisión Anual na PXA
Plan acción Titorial	Dpto. Orientación Titores	En elaboración
Normas Organización e Funcionamento	Equipo directivo Profesorado	Xuño de 2021
Plan de convivencia	Comisión Convivencia	Xuño de 2020
Plan de comunicación	Equipo directivo	Xuño de 2020
Plan de Igualdade	Equipo directivo	Novembro de 2019
Proxecto Lingüístico	Equipo dinam. Lingua galega	Maio de 2019
Proxecto Lector	CCP Profesorado	Maio de 2021
Plan Biblioteca	Coordinador Biblioteca Equipo de apoio	Revisión Anual na PXA
Plan Dixital	Equipo de dinam do Plan Dixital	Marzo de 2024
Plan de acollida	DO/Equipo directivo	Xuño de 2020
Promoción estilos de hábitos saudables	Equipo Específico	Revisión Anual na PXA
Plan innovación e formación permanente do profesorado.	CCP Equipo directivo	Setembro de 2024
Plan Autoprotección. Plan evacuación	Equipo directivo Profesorado	Xuño de 2020

Programa colaboración e participación familias	Equipo directivo ANPA	Revisión Anual na PXA
Plan Estratéxico de Mellora	Equipo directivo	Maio de 2024

7. REVISIÓN, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA

O presente documento, así como todos os que figuran na táboa anterior, deben ser revisados cada 4 anos. En calquera caso, poderanse modificar sempre que as circunstancias o esixan. Así mesmo, todos os plans/programas anteriores deberanse concretar anualmente na PXA. Para a avaliación do presente documento deberase elaborar unha temporalización a fin de introducir melloras no mesmo ao remate dos catro anos ou cando as circunstancias así o esixan. Sen embargo, este documento poderá ser revisado anualmente. No mes de abril, o profesorado, o alumnado e o resto da comunidade educativa, a título individual ou colectivo, poderá presentar emendas parciais perante a dirección do centro, que as levará durante o mes de maio a un claustro extraordinario para a súa discusión. As que resulten aprobadas por maioría serán presentadas no último Consello Escolar do curso académico para a súa publicidade.